



DECRETO DA PRESIDENCIA

ASUNTO: Asignación temporal de prazas vacantes resultado proceso selectivo por mobilidade, mediante concurso de méritos entre o persoal do Consorcio

EXPEDIENTE: 2023/G003/000287 **EXPEDIENTE DE ORIXE:** 2023/E001/000003

Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, don Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Logo de ver o informe-proposta da Xerencia de data 26.06.2023, do seguinte teor literal:

<<(…) Emítase o seguinte informe de conformidade co disposto no artigo 16º dos Estatutos reguladores do Consorcio.

INFORME:

Mediante decreto da Presidencia núm.188/2023 de data 23 de Maio de 2023, aprobáronse as bases e convocatoria para o proceso selectivo para a cobertura temporal de postos vacantes no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, mediante concurso de méritos, polo sistema de mobilidade interna, entre o persoal do Consorcio.

As prazas vacantes ofertadas foron:

- 1 Praza bombeiro condutor SPEIS 09 CEE
- 1 Praza bombeiro condutor SPEIS 03 BOIRO
- 2 Prazas bombeiro condutor SPEIS 08 AS PONTES
- 1 Praza bombeiro condutor SPEIS 07 BETANZOS
- 2 Prazas bombeiro condutor SPEIS 10 SANTA COMBA

Conforme á base 4 da convocatoria, publicada na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña o 23.05.2023, concédese un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes.

Finalizado o prazo non se recibe ningunha solicitude de participación no proceso selectivo de mobilidade.

Por todo o exposto e ao abeiro do artigo 16 dos Estatutos reguladores do Consorcio, propónse á Presidencia do Consorcio Provincial Contra incendios e Salvamento da Coruña a adopción da seguinte resolución:

PRIMEIRO.- Declarar o concurso deserto por non recibirse ningunha solicitude de participación.

Este documento está asinado electronicamente. Pódese comprobar a súa integridade na sede electrónica do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña <https://sede.cciacoruna.com/gj/> mediante o código de verificación(CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, de Procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, de Réxime xurídico do sector público



SEGUNDO.- Proceder a iniciar os trámites para a adxudicación das prazas vacantes mediante persoal temporal ata a cobertura definitiva das prazas, por un tempo que non pode exceder de 3 anos segundo o artigo 23.2.a e o artigo 23.3 da Lei 2/2015 de Empleo Público de Galicia e polo artigo 10.1.a e artigo 10.4 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios do Consorcio, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Consorcio.(...)>>

Por todo o anterior e de conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o 14 dos Estatutos reguladores do Consorcio, mediante o presente

RESOLVO :

PRIMEIRO- Aprobar a proposta nos seus mesmos termos.

SEGUNDO- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da recepción da publicación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Carballo, na data da sinatura dixital.

O presidente,
Asdo.: Valentín González Formoso

A secretaria interventora,
Asdo.: M^aGraciela Riveiro Moreira.